

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS, E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRASPLANTADOS DE MÉDULA ÓSEA (ASOTRAME) PARA O FOMENTO DA DOAZÓN DE PROXENITORES HEMATOPOÉTICOS

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021.

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), no exercicio das atribucións previstas no artigo 11 do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, e de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, dona Cristina Piñeiro Couce, presidenta da Asociación Gallega de Trasplantados de Médula Ósea (ASOTRAME) , CIF G15509466, no uso das atribucións que lle confire o artigo 32.d) dos Estatutos desta Asociación, que se rexe pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de asociación e pola demais lexislación en materia de asociacións que lle resulte de aplicación.

Ambas partes, actuando coa representación conferida, recoñécense a capacidade necesaria para a sinatura do presente convenio marco e, para tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro.- De conformidade co Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, a Axencia, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

Segundo.- A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia, que ten incluídas na súa Área de Órganos, Células e Tecidos as funcións de coordinación autonómica de transplantes, é a responsable de fomentar a doazón de medula ósea na Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario como non sanitario en materia de doazón de medula ósea. Ademais como o resto das comunidades autónomas, xunto coa Organización Nacional de Trasplantes, participa no Plan Nacional de Medula Ósea.

Ademais ten asignada a intervención cos distintos responsables dos programas de transplantes e cos coordinadores hospitalarios para potenciar todas as actuacións tendentes a mellorar o funcionamento destas actividades, especialmente daquelas dirixidas á consecución de doazóns, así

como actuar como interlocutor coas representacións cidadás, medios de comunicación e asociacións de doentes incluídos nos diferentes programas.

Terceiro.- De conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, a Asociación ASOTRAME (Asociación Gallega de Afectados por Transplantes Medulares), ten entre as súas funcións prestar apoio ás persoas afectadas por un cancro hematolóxico e ás súas familias. Do mesmo modo, traballa día a día para sensibilizar e informar ao conxunto da sociedade sobre a importancia de facerse doante de medula ósea, e tamén colabora economicamente na investigación contra esta enfermidade, realizando achegas anualmente a diferentes administracións e fundacións.

Cuarto.- Ambas partes, no respectivo ámbito de actividade, están interesadas en impulsar iniciativas dirixidas á consecución de doantes de medula ósea, que permitan unha maior posibilidade de transplantes de proxenitores hematopoéticos para os/as pacientes, sendo esta unha actividade de enorme importancia dentro das iniciativas tanto da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia coma de ASOTRAME.

Á vista do anterior, ambas partes, recoñecéndose plena capacidade de obrar, acordan subscribir o presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio marco é establecer as liñas xerais que rexerán a colaboración entre ASOTRAME e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos para a definición e posta en marcha de actividades de colaboración que promovan a necesidade de coñecer e actualizar o proceso de doazón de medula ósea na sociedade, o que permitiría unha maior posibilidade de transplante para os/as pacientes.

Segunda.- Liñas xerais de colaboración

Para tal efecto, establécense as seguintes liñas xerais de colaboración:

Liña 1: Promoción da doazón:

- a) Desenvolvemento de programas divulgativos e de formación para mellorar o coñecemento dos mecanismos e vías para posibilitar a doazón de proxenitores hematopoéticos.
- b) Posta en marcha de campañas informativas de promoción da doazón de proxenitores hematopoéticos dirixidas á poboación xeral.
- c) Realización de calquera outra actividade que redunde na promoción da doazón de proxenitores hematopoéticos, así como aquelas outras accións que as partes consideren de interese para os obxectivos perseguidos.

Liña 2: Formación específica:

Incluiranse nesta liña de colaboración tantas accións permitan a posta en práctica de programas colectivos para a formación de persoal do Sistema de Saúde de Galicia en materia de doazón e transplante de proxenitores hematopoéticos.

Terceira.- Publicidade da colaboración

En calquera actividade promovida ou realizada polas partes ao abeiro do presente acordo farase constar que a mesma é froito da colaboración establecida entre as mesmas, e terá carácter gratuíto para o público asistente ou participante.

Cuarta.- Material promocional

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia colaborará con ASOTRAME compartindo material promocional do que dispón para a realización de tarefas de divulgación e información. Da información queda excluída aquela que teña a consideración de persoal ou especialmente protexida.

Quinta.- Confidencialidade e protección de datos.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións negociables entre as partes.

Sexta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio marco:

- a) A expiración do seu prazo de vixencia, ou do das súas prórrogas.
- b) Cando o seu obxecto deixe de ser necesario para a finalidade acordada.
- c) O mutuo acordo das partes.
- d) O incumprimento, total ou parcial das súas cláusulas.
- e) A imposibilidade xustificada de cumprir o seu obxecto.
- f) A desaparición das causas que o motivaron.

Sétima.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento que estará integrada por:

- a) Dúas persoas representantes designados pola dirección da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia, unha das cales exercerá a presidencia e outra actuará como vogal.
- b) Dúas persoas representantes de ASOTRAME, actuando como vogais e designadas pola asociación.

As súas funcións serán as de interpretación, seguimento, coordinación e velar polo correcto cumprimento do presente convenio, resolvendo as dúbidas que a súa execución poida presentar.

Oitava.- Prazo de vixencia e prórroga

A duración do presente convenio marco de colaboración será de catro anos, contados a partir do momento da súa firma. Ambas as partes poderán prorrogar o presente Convenio mediante acordo escrito, de conformidade co disposto na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público.

Novena.- Financiamento

As actuacións previstas no presente convenio marco non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.

Décima.- Xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa e a resolución dos litixios que se susciten sobre o mesmo será competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas por conciliación na Comisión de seguimento de conformidade cos principios de boa fe e confianza lexítima.

Décimo primeira.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio de colaboración suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos referidos ao mesmo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Axencia galega de Sangue, Órganos e Tecidos, dará publicidade deste Convenio na súa páxina web oficial.

E en proba de conformidade, asínase polas partes o presente convenio en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

**Pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e
Tecidos**

Por ASOTRAME

Don Julio García Comesaña

Dona Cristina Piñeiro Couce